



DATOS IDENTIFICATIVOS

Morfoloxía da lingua galega

Materia	Morfoloxía da lingua galega			
Código	V01G400V01901			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.es			
Web	http://http://webh03.webs.uvigo.es/alexandre-rodriguez-guerra/			
Descrición xeral	Aproximación ás principais características léxico-gramaticais no eido morfolóxico da lingua galega.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Saber delimitar os feitos morfolóxicos na lingua galega	A1 A2 A5	B1 B7 B10	C1 C2 C5 C8	D1 D2 D5 D8 D10 D11 D12
Dominar os conceptos esenciais da análise morfolóxica nos procesos flexivos e derivativos na lingua galega	A1 A2 A5	B1 B10	C1 C2 C5 C8	D1 D2 D5 D8 D10 D11 D12
Saber identificar e explicar os principais procesos de formación de palabras en galego	A1 A2 A5	B1 B7 B10	C1 C2 C5 C8	D1 D2 D5 D8 D10 D11 D12

Contidos

Tema	
1. Morfoloxía da lingua galega	1.1. Introducción 1.2. Breve gramaticografía da lingua galega
2. A flexión en galego	2.1. Palabras flexivas 2.1.1. A flexión nominal 2.1.2. A flexión verbal
3. A formación de palabras en galego	3.1. A derivación 3.2. A composición 3.3. A parasíntese 3.4. Outros procesos de formación de palabras
4. Outros aspectos de morfoloxía galega	4.1. Os neoloxismos en galego

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	14	14	28
Lección maxistral	24	50	74
Traballo tutelado	6	38	44
Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma da materia. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma da materia.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. Nalgunha ocasión pódense entregar anticipadamente para que o alumnado os poida preparar con certo adianto. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.
Lección maxistral	Nela o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).

Traballo tutelado	Cada discente elaborará individualmente un traballo escrito sobre o punto 4 do temario seguindo as indicacións do profesor.
	Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva do traballo á plataforma Faitic.
	O segundo e o terceiro día de aulas dedicaranse a explicar a metodoloxía deste traballo. Por iso é moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir polo menos a unha desas sesións (se alguén non puider ir a ningunha, deberá fixar unha titoría co docente).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Alén das indicacións precisas que se proporcionarán o segundo e terceiro día de aulas para poder desenvolver o traballo, ó longo do curso atenderanse, tanto na aula coma no despacho nas horas de titoría, as consultas individuais que haxa verbo da súa elaboración. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración do traballo a través da plataforma Faitic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	12	A2 B1 C1 D1 A5 B7 C2 D2 C5 D5 D8 D10 D11 D12
		Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 17% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliable a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).
Lección maxistral	5	A1 B1 C2 D5 A5 B7 C5 D11 C8
		Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".
Traballo tutelado	38	A1 B1 C1 D1 A2 B7 C2 D2 A5 B10 C5 D5 C8 D8 D10 D11 D12
		Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) deberá expoñer oralmente na aula o seu traballo (suporá un 5% do valor deste punto). A exposición durará, aproximadamente, dez minutos e nela non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material.
Probas de resposta curta	45	A1 B1 C1 D1 A2 B7 C2 D2 A5 B10 C5 D5 C8 D8 D10 D11 D12
		O alumnado que opte pola avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Se as circunstancias así o aconsellaren, poderase realizar un exame parcial previo, liberador de materia (na mesma data para todo o alumnado de avaliación continua).

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-); para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballo, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquelas probas que non superasen na primeira edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

-Avaliación única (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra cos requisitos para a avaliación continua,

ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [60%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (seguindo as indicacións do docente) [40%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez Blanco, R. (coord.), **Atlas Lingüístico Galego. II**, ILG/FPBdIM, 1995

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, **Gramática galega**, 2ª, Galaxia, 1995

Álvarez, R. e X. Xove, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert-García, **A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**, 2017

Dubert García, F., **Aspectos do galego de Santiago de Compostela**, Univ. de Santiago de Compostela, 1999

Fábregas Alfaro, A., **La morfología. El análisis de la palabra compleja**, Síntesis, 2013

Fernández Rei, F. (coord.), **Atlas Lingüístico Galego. I**, ILG/FPBdIM, 1990

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe**, 2ª, A Nosa Terra, 2003

González Pereira, M. e F. Albertuz Carneiro, **"Morfoloxía"**, Xerais, 2000

López Viñas, X. et al., **Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión**, 2ª, Baía, 2011

Pena, J., **"La palabra: estructura y procesos morfológicos"**, Verba 18, 1991

Rio-Torto, G. et al., **Gramática derivacional do portugués**, Univ. de Coimbra, 2013

Bibliografía Complementaria

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega**, CILL-RP,

Louredo Rodríguez, Eduardo, **Cambio lingüístico e morfoloxía: aproximación ao galego da comarca do Ribeiro**, 2018

Nas aulas forneceranse referencias bibliográficas máis específicas,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I/V01G400V01101

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español II/V01G400V01202

Lingua e comunicación oral e escrita: galego/V01G400V01301
